

# RESUMO DE CONTIDOS



## Índice

Entre versos, viaxamos!.....	2
Fase 1. Que nervios!.....	2
Novo comezo.....	2
Que terás que facer?.....	2
Ao rematares.....	3
1.2 Que é iso de aranés?.....	3
Fase 2. Comunicámonos coa poesía.....	4
Glosario:.....	4
Proceso de comunicación.....	6
Codificación: a persoa emisora deseña unha mensaxe empregando un determinado código.....	6
Transmisión: envía esa mensaxe empregando unha determinada canle.....	6
Decodificación: a persoa receptora emprega o mesmo código para poder entender a mensaxe.....	6
Retroalimentación: ás veces a persoa receptora contesta (elabora unha nova mensaxe que envía á persoa emisora).....	6
Ruído: factores que poden impedir que a comunicación sexa axeitada.....	6
Quédanos máis claro.....	6
Fase 3. Viaxamos coa lingua.....	7
Fase 4. Comeza a montaxe.....	8
Glosario:.....	8
Imos aló.....	9

# Entre versos, viaxamos!

## Fase 1. Que nervios!

### Glosario:

- Familia lingüística: grupo de linguas que teñen unha orixe común.
- Lingua materna: lingua que aprende unha persoa de xeito natural.
- Lingua propia: lingua dun territorio creada polo seu pobo.

### Novo comezo



Sabela pasou todo o verán un pouco nerviosa.

Antes vivía fóra de Galicia, en Barcelona. Alí aprendeu castelán e catalán e na casa o galego, que é a súa **lingua materna**.

A súa familia contoulle que ten moita sorte, que aprendeu tres linguas de xeito natural, sen esforzo.

Tamén lle contaron que estas linguas proceden da mesma, do latín, polo que son da mesma **familia lingüística**. Na Península hai varias emparentadas, por iso cando o avó viviu no Brasil puido entenderse ben, porque o portugués é unha lingua irmá da nosa.

Imanol, o neto da veciña vive en Euskadi e ademais do galego e o castelán fala o éuscaro, que ten a súa orixe antes do latín.

### O reto

No texto fálase de diferentes linguas e lugares. Cando viaxas é importante coñecer o lugar que visitas e tamén as linguas que se falan. Imaxina que, como Sabela, vas ter que mudarte. Queres coñecer a lingua que falan alí. Cun grupo de compañeiras e compañeiros terás que buscar información para crear un documento, que exporedes na aula, sobre un territorio da península e a súa lingua propia.

### Que terás que facer?

- Coñecerás mellor os compañeiros e compañeiras: gustos, linguas que coñecen...

- Realizarás traballos individuais para acadar os coñecementos necesarios para completar as tarefas colectivas.
- Buscarás información sobre os diferentes territorios da Península con lingua propia.
- Co teu grupo:
  - indagaredes sobre esa lingua: orixe, número de falantes, familia lingüística...
  - elaboraredes un pequeno vocabulario con expresións básicas.
  - crearedes un poema que fale da lingua sobre a que traballas.
  - traballaredes a oralidade.

### Ao rematares...

Poderás:

**Entender:** coñecerás os elementos da comunicación.

**Socializar:** traballarás en equipo.

**Respectar:** coñecerás a diversidade lingüística peninsular.

**Coñecer:** achegaraste á lírica.

**Aprender:** expresaraste en público.

## 1.2 Que é iso de aranés?

### As linguas que nos rodean

**Aranés:** fálase no Val de Arán.

**Asturiano:** fálase en Asturias e nalgunhas aldeas de León, Zamora e Salamanca.

**Valenciá:** catalá falado no País Valenciano e no Carche, unha comarca murciana. Aquí non é unha lingua oficial.

**Catalá:** fálase en Cataluña, a zona sur de Francia coñecida como Catalunya do Norte, en Andorra e na zona leste de Aragón, a Franxa de Aragón. Tamén se fala na cidade sarda de L'Alguer.

**Catalá insular:** catalá falado exclusivamente nas Illes Balears.

**Éuscaro:** fálase en Euskadi, o norte de Navarra e a zona coñecida como Iparralde no sur de Francia.

**Portugués:** fálase en Portugal, Brasil, Cabo Verde, Angola, Guinea-Ecuatorial e Guinea-Bissao, en Mozambique, en San Tomé e Príncipe, en Timor Leste e en Macao.

**Mirandés:** emprégase nos concellos de Braganza e Miranda do Douro en Portugal.



## Fase 2. Comunicámonos coa poesía

### Glosario:

- Rima: coincidencia de fonemas dende a última sílaba acentuada de dous ou máis versos.
- Feito comunicativo: acto de transmisión e intercambio de mensaxes.

### Para pensar e lembrar



Sabela está lendo un libro no parque. É un libro de poemas. Encántalle a poesía! Descubriuna cando comezou a ler sobre as letras das cancións dun dos seus grupos de música favoritos. Gústalle ver as rimas e xogos de palabras que hai agochados nos versos. E ás veces mesmo xoga a poñer música aos poemas que le.

Nos días de verán adoita ler ao aire libre. Como está a facer hoxe. O problema é que os pequerrechos fan demasiado ruído cos seus xogos e iso fai que, de cando en vez, se distraia da lectura.

Decatácheste de que cando unha persoa escribe unha canción quere achegar unha mensaxe ao seu público?

Hai cancións de amor ou de desamor, que falan de ledicia ou de tristura... Cando unha persoa escribe un libro tamén quere achegar unha mensaxe aos lectores e lectoras.

Fíxate no seguinte:

A autora do libro achega unha mensaxe a Sabela. Emprega como canle a palabra escrita, neste caso nun libro. O código no que emite a mensaxe é a lingua galega, na que está escrito o libro. O feito comunicativo ten lugar no parque. Este é o contexto da comunicación. Como hai nenos xogando o balbordo que producen pode ser ruído que afecta a esa comunicación.

Todos estes termos son os elementos da comunicación e interactúan en todas as conversas, comunicacións e transmisións de mensaxes. Lembras como funcionan?


## 2.1 Quen se comunica aquí?

### Non só é falar

Cando transmitimos e intercambiamos información estamos realizando un feito comunicativo.

Un emisor e un receptor transmiten unha mensaxe empregando un código común coñecido por ambas as partes.

Que ambas as partes coñezan o contexto e que non haxa ruídos ou interferencias facilitan a comunicación.



## Elementos e proceso da comunicación

### Elementos da comunicación

- **Emisor:** quen envía a comunicación.
- **Receptor:** quen recibe ou a quen está dirixida a mensaxe.
- **Canle:** medio polo que se envía a mensaxe.
- **Código:** conxunto de signos e sinais cos que se crea a mensaxe.
- **Contexto:** situación e escenario en que se desenvolve o acto comunicativo.
- **Mensaxe:** información que se transmite no acto da comunicación.

### Proceso de comunicación

- **Codificación:** a persoa emisora diseña unha mensaxe empregando un determinado código.
- **Transmisión:** envía esa mensaxe empregando unha determinada canle.
- **Decodificación:** a persoa receptora emprega o mesmo código para poder entender a mensaxe.
- **Retroalimentación:** ás veces a persoa receptora contesta (elabora unha nova mensaxe que envía á persoa emisora).
- **Ruído:** factores que poden impedir que a comunicación sexa axeitada.

## Quédanos máis claro

A tía de Sabela está vendo un programa da TVG. É de entrevistas.

O programa emite unha mensaxe empregando como canle o son e a imaxe. O código que empregan é unha lingua oral. A tía de Sabela coñece o código (o galego) e comprende a mensaxe. O contexto en que sucede este feito comunicativo é o salón da casa. Mentres está vendo o programa o bebé que estaba durmindo no seu berce comeza a chorar. A tía

perde a concentración no programa de TV preocupada polo bebé. Ese choro é o que chamamos ruído.

## 2.2. Rimar e cantar... todo é comezar.

Agora sabes un pouco máis de Sabela. Gústalle ler poesía. Os poemas son textos propios do xénero lírico. Cada xénero, lírico, dramático e narrativo, ten as súas propias características.

## Fase 3. Viaxamos coa lingua

### Glosario:

- Fonema: unidade lingüística máis pequena con significado.



Cando se viaxa é importante coñecer o lugar que visitas e iso implica coñecer a lingua que alí se fala.

As linguas son códigos que serven para comunicármolos, de feito son un dos códigos máis empregados. Xa que cun número moi limitado de elementos (fonemas) es capaz de construír infinitos enunciados.

Somos quen de chegar a facer mensaxes moi complexas. Mesmo somos quen de empregar eses códigos lingüísticos para expresar o que sentimos. E aquí aparece a lírica.

Os poemas son parte fundamental da literatura dunha lingua. Xa que é unha das manifestacións literarias máis numerosas da literatura popular. E a literatura popular conforma un dos principais piares da identidade dun pobo.

## 3.2 Ola!

### Promocionando linguas

A normalización lingüística é un proceso que ten como fin conseguir prestixio e falantes para unha lingua. Estas campañas están dirixidas á poboación dos lugares onde se falan as linguas que promocionan.



## Fase 4. Comeza a montaxe.

### Glosario:

- Lingua oficial: idioma co recoñecemento legal para uso na administración dun territorio.



Ti e o teu grupo debedes conseguir crear un documento sobre a lingua que vos tocou. Este documento, xunto cos dos demais grupos, formarán parte dunha exposición sobre as linguas da Península. Deberá ir acompañado dun texto que recolla como destes solución ao reto. O obxectivo dese documento é que a persoa que o vexa coñeza mellor esa lingua. Poderíamos dicir que sería algo así como unha radiografía da lingua ou podería dicirse

que como un documento de identidade dese idioma.

Ese documento debe constar:

- De ser o caso, os nomes polos que é coñecida esa lingua. Non todas as linguas teñen varios nomes, pero si que existen linguas con varias denominacións.
- Os territorios onde se fala e se é oficial ou non en cada un deses territorios.
- Familia lingüística á que pertence.
- O número de falantes.
- As linguas coas que comparte os territorios onde se fala.
- Palabras simples de uso cotiá: grazas, por favor, ola e adeus. Podedes achegar algunha máis para completar o voso "mini-vocabulario".
- Unha presentación nesa lingua.
- Un autor ou autora nesa lingua e algunha das súas obras.
- Unha canción nesa lingua.
- A tradución dun poema de Rosalía de Castro (se hai).
- Un poema elaborado por vós que fale da vosa lingua (podedes engadir palabras nese idioma).




## Imos aló.

### Que tipo de documento?

O documento que debes crear queda á vosa escolla, pero ten que estar en formato físico. Tamén pensade que vai estar exposto para que o resto da aula poida consultalo. Iso quere dicir que ten que ser fácil de comprender e manexar. Pero que iso non vos impida ser orixinais.

Ese documento terá que ir acompañado dunha ficha de traballo. Nesa ficha explicaredes como se desenvolveu o traballo en equipo: organización, achegas, problemas e solucións... Ademais deberá recoller todas as fontes consultadas (web, libros, revistas...).

## Fase 5. A exposición.



Todas as imaxes que aparecen neste descargable son de elaboración propia por Laura Iglesias para o proxecto cREAgal e publícanse coa licenza CC-BY-NC-SA.

"Descargable Entre versos, viaxamos!", do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza](#)

[Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)